

MEMORIA ANUAL
CIM DE SOUTOMAIOR
ANO 2010

1. DATOS DE IDENTIFICACION

NOME: Concello de Soutomaior **CIF:** P36-05300G

Concellería de Muller (CIM)

REPRESENTANTE LEGAL: Agustín Reguera Ocampo. Alcalde – Presidente.

ENDEREZO: Rúa Peirao, 8 – Centro Multiusos, Arcade (36690) Concello de Soutomaior

PERSONAS DE CONTACTO NO CONCELLO:

Cristina García Nuñez. Directora e Psicóloga do CIM. 32.678.345-Z
TEL. CIM: 986701227 Correo –e : cim@soutomaior.com

OUTRO PERSOAL DO CIM:

Paula Fernández Dopazo. Traballadora social do CIM. 32.695.568-x
Paula Casal Cannabal . Asesora Xurídica do CIM.

2. CONTEXTUALIZACIÓN XEOGRÁFICA:

O Concello de Soutomaior é un municipio cunha pequena costa que a penas acada os 2 km² de lonxitude, onde se sitúa a parroquia de Arcade que, xunto á de Soutomaior, son as dúas únicas que o compoñen e que se reparten os 25 Km. de superficie total que acollen ós seus 6.968 habitantes.

A maior parte da superficie é eminentemente rural e caracterízase por estar dividida en moitos barrios e pola dispersión da súa poboación.


Destacamos que o incremento de poboación nos últimos anos débese a un crecemento da poboación inmigrante residente no municipio e arredores que participan na vida e actividades locais.

3. FICHA TÉCNICA

Localización			
Denominación	CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER SOUTOMAIOR.		
Titularidade	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	Dependencia (alcaldía, concellería)	CONCELLERÍA DE MULLER
Enderezo	MULTIUSOS. PEIRAO 8, ARCADE.		C.P. 36690
Localidade	ARCADE-SOUTOMAIOR	Provincia	PONTEVEDRA
Teléfono	986.70.12.27	Fax	986.70.12.27
Correo electrónico	cim@soutomaior.es		
Área de influencia	CONCELLO DE SOUTOMAIOR E ÁREA LIMITROFE.		
Ano de inicio de actividade	2004		
Períodos de interrupción	*****		

Prestación de servizo	
Días e horario de atención a usuarias	<p>MAÑAS : Luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.</p> <p>TARDES: Martes, Mércores e Xoves de 17:00 a 19:30 horas.</p> <p style="text-align: center;">HORARIO DE VERÁN:</p> <p>MAÑÁS: Luns a venres de 9:00 a 14:00 horas</p> <p>TARDES : martes de 17:00 a 19:30 horas.</p>
Días e horario de asesoramento xurídico	<p>VENRES : 9:00 a 14:00 horas.</p> <p>MARTES ; 19:30 A 20:30 horas.</p>
Días e horario de atención psicolóxica	<p>XOVES: De 9:00 a 14:00 horas.</p> <p>LUNS: De 12:00 a 14:00 horas.</p>

4. ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CIM en 2010:



	DURACIÓN	PARTICIPANTES
1. CURSO: INICIACIÓN Á INFORMÁTICA E INTERNET	20 horas .	10 mulleres 6 homes
2. CURSO: INTERNET COMO FERRAMENTA DE BÚSQUEDA DE EMPREGO.	30 horas.	10 mulleres 2 homes
3. CURSO: IOGA	30 horas.	16 mulleres 2 HOMES
4.II OBRADOIRO DE TEATRO PARA ADULTAS/OS	30 horas	10 mulleres
5. ESPECTÁCULO TEATRAL: ESTA FAMILIA É UNHA COÑA	2 horas	10 mulleres
6. CURSO DE DANZA DO VENTRE	10 horas	15 mulleres
7. CURSO: PINTADO E TINXIDO DE TEA	20 horas	15 mulleres 1 home
8. 8 DE MARZO. DIA INTERNACIONAL DA MULLER ○ Reparto de agasallos	10 horas	200 mulleres
9. 8 DE MARZO. Programa “pechado por reformas” ○ Obradoiro de baileterapia	3 horas	21 mulleres
10. 8 DE MARZO. Programa “pechado por reformas” ■ Obradoiro de risoterapia	3 horas	20 mulleres
11. 8 DE MARZO. Programa “pechado por reformas” ■ Obradoiro de arteterapia	3 horas	20 mulleres
12. I XORNADAS PARA A EDUCACIÓN EN IGUALDADE. “Igualar”	4 horas	59 nenos 51 nenas
13. I CONCURSO DE DEBUXOS, “Papa mans á obra”. 19 DE MARZO DÍA DO PAI		104 nenos 158 nenas

14. CONTACONTOS DA IGUALDADE. 19 de Marzo, día do Pai Igualitario.	2 horas	123 nenos /nenas
15. CURSO DE ELECTRICIDADE	20 horas	10 mulleres 7 homes
16. OBRADOIRO DE MEMORIA	15 horas	9 mulleres 1 home
17. CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS	20 horas	15 mulleres
18. CURSO DE PILATES	15 horas	20 mulleres
19. III XUNTANZA DAS MULLERES	12 horas	98 mulleres
20. TAI CHI	20 horas	16 mulleres
21. 1ª MESA DE COORDINACIÓN VIOLENCIA DE XÉNERO	1 hora	2 homes 5 mulleres
22. 2ª MESA DE COORDINACIÓN VIOLENCIA DE XÉNERO.	1 hora	2 homes 5 mulleres
23. IOGA	45 horas	24 mulleres 1 home
24. PILATES	30 horas	28 mulleres
25. OBRADOIRO MEETIN-SEX	2 horas	13 mulleres
26. VI CONCURSO DE CARTEIS 25 DE NOVEMBRO . Ex presión. Día Internacional contra a violencia de xénero.	2 horas	32 rapaces 35 rapazas
27. II CONCURSO DE RELATOS ERÓTICOS. “ Punto e Seguido”		4 mulleres
Total actividades : 27	350 horas	1.180 participantes

ACTIVIDADES DIVIDIDAS POR ÁREAS DE ACTUACIÓN, SEGUNDO O II PIOM DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR 2008-2011.




ÁREA DE FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN	4
ÁREA DE EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN	4
ÁREA DE PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO	9
ÁREA DE SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR	10
ÁREA DE ABORDAXE DA VIOLENCIA DE XÉNERO	3



Identificación da actividade	II OBRADOIRO DE TEATRO PARA ADULTAS/OS									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. SALÓN DE ACTOS XOVES 19:00 A 20:30 HORAS. (DO 28 DE XANEIRO Ó 24 DE XUÑO)									
Núm. De horas	1: 30 HORA/SEMANA TOTAL : 30 HORAS									
ÁREA :	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL , LECER E TURISMO.									
Núm. De participantes										
HOMES	0									
por idade	<18:	0	18-30:	0	30-40:	0	40-50:	0	> 50:	0
MULLERES	10									
por idade	<18:		18-30:		30-40:	3	40-50:	4	> 50:	3
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO E ARREDORES.									
Descrición do contido da actividade										
<p>O obxectivo deste obradoiro é proporcionar os participantes coñecementos, destrezas e habilidades que lle permitan desenvolver a creación e a posta en escena un espectáculo teatral, dando a coñecer dunha forma sinxela e divertida o mundo das artes escénicas para lograr que as alumnas aprendan o mesmo tempo que preparan o espectáculo.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>A actividade desenvolveuse cunha participación moi activa das asistentes. Algunhas delas xa traballaron xuntas neste obradoiro da edición do ano 2009. A gran motivación e implicación das participantes na actividade, lograron que o obradoiro transcurriera de xeito moi proveitoso á hora de preparar o seu espectáculo teatral.</p> <p>Consideramos que este espazo está a xerar unha dinamización e participación dun grupo interxeneracional de mulleres , que é moi ben valorado por todas as participantes e no que todas comentan sentirse " liberadas".</p>										
Do público asistente										
<p>A valoración por parte do público asistente foi moi positiva. A maioría das asistentes coincidiron en que a actividade axudou a potenciar a imaxinación, a superar barreiras de medos e vergoñas e a favorecer a autoestima.</p> <p>Todas valoran a actividade como un descubrimento nas súas vidas posto que nunca fixeran teatro e comentan que a actividade e moito máis completa do que pensaban e lles está axudando en diferentes aspectos do seu desenvolvemento persoal e social.</p>										

Finalizado o obradoiro pasóuselle un test de Auto-avaliación a cada unha das participantes para que reflectisen as súas opinións sobre o obradoiro:

ITEM 1: O obradoiro foime de utilidade -----	8.5
ITEM 2: A asistencia ó obradoiro tivo un impacto positivo na miña vida ---	10
ITEM 3: O contido do obradoiro cubreu as miñas expectativas -----	9
ITEM 4: Respecto ó clima grupal -----	10
ITEM 5: Respecto ó docente do curso -----	10
ITEM 6: Respecto ás instalación sonde se realizou-----	8



Identificación da actividade	CURSO DE IOGA									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. SALÓN DE ACTOS MARTES DE XANEIRO A XUÑO. DE 19:00 A 20:30 HORAS.									
Núm. De horas	DE FEBREIRO A XUÑO. 30 horas									
ÁREA	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR									
Núm. De participantes										
HOMES	2									
por idade	<18:	0	18-30:	0	30-40:	2	40-50:	0	> 50:	0
MULLERES	16									
por idade	<18:	0	18-30:	2	30-40:	5	40-50:	4	> 50:	5
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR E PÚBLICO EN XERAL									
Descrición do contido da actividade										
<p>Luna Yoga é un método creado por mulleres, para mulleres que se combina con varios tipos de ioga. Ten o enfoque en desenvolver a conciencia física, mental e enerxética propia da muller, como mellorar o sistema hormonal e glandular, equilibrar o estrés emocional, etc. A práctica iógica ensínanos a respirar de xeito adecuado, os nosos pulmóns aprenden a respirar.</p> <p>A clase de ioga é rica e creativa en elementos, e sempre variado. Un día a serie é suave e madiativa, outro se require resistencia e forza. O final de cada clase faise unha sesión de estiramientos acompañada de música.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>Esta actividade enmárcase dentro da área de fomento da saúde , do deporte e do benestar.</p> <p>O II PIOM manifesta entre os seus obxectivos crear espazos para fomentar hábitos de vida saudable e evitar o sedentarismo da poboación .</p> <p>O deporte</p> <p>Actividade que se leva realizando dende hai dous anos , solicitada por un alto número de usuarias como continuidade aos cursos anteriores. Moi boa acollida en canto ás persoas participantes e satisfacción coa actividade desenvolvida.</p> <p>Aínda rematado o período de inscrición continuaron as solicitudes de participación. A xente amósase moi interesada nesta actividade.</p>										

Do público asistente

Moi boa acollida en canto a participación e satisfacción coa actividade. Valoración moi positiva das sesións organizadas, metodoloxía e docente. Están moi satisfeitas por poder continuar con esta actividade.

As valoracións son moi positivas, e para moitas das participantes é o único momento da semana que fan deporte.



Identificación da actividade	CURSO DE INICIACIÓN Á INFORMÁTICA E INTERNET									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. SALA DE INFORMÁTICA MÉRCORES. 20 DE XANEIRO Ó 31 DE MARZO. DE 16:30 A 18:30 HORAS.									
Núm. De horas	20 HORAS									
ÁREA	FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN									
Núm. De participantes										
HOMES	6									
por idade	<18:	0	18-30:	1	30-40:	1	40-50:	1	> 50:	3
MULLERES	10									
por idade	<18:	0	18-30:	0	30-40:	1	40-50:	2	> 50:	7
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR E PÚBLICO EN XERAL									
Descrición do contido da actividade										
<p>O obxectivo do curso é o de conseguir que @s alumn@s aprendan a manexar as ferramentas básicas do sistema operativo windows e dos distintos servizos dos que dispón Internet.</p> <p>Os contidos do curso son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Introducción ó ordenador. ○ Conceptos básicos de windows. ○ Xestión de arquivos e carpetas. ○ Que é Internet. Cómo funciona. ○ Usos principais de Internet. ○ Buscadores. ○ Correo electrónico. 										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>O curso desenvolveuse con normalidade. Algúns d@s asistentes faltaron a algunhas sesións pero o ritmo de traballo recuperouse. É importante continuar nesta liña de formación nas accións desenvolvidas polo CIM.</p> <p>O nivel de alfabetización informática das participantes era nulo polo que o grupo foi acadando un bo equilibrio no avance dos obxectivos docentes.</p>										
do monitor da actividade										
<p>Tratouse de estimular a participación activa das persoas participantes por medio de actividades que posibilitaran a reflexión e a práctica a través da realización de supostos prácticos sobre as tarefas a desempeñar no ordenador. A metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe orientouse a desenvolver n@ alumn@ un conxunto de coñecementos e competencias útiles para o desenvolvemento de traballos.</p>										


Na valoración final da actividade contempláronse tres componentes: a asistencia ás sesións, a participación nas mesmas e a elaboración de traballos e actividades prácticas. Pódese concluir que as persoas participantes na actividade estaban interesados polos contidos do curso, alcanzando, a maioría, o avance previsto, pois foron capaces de usar os recursos plantexados, comprender o vocabulario, desenvolver as actitudes programadas, os procedementos previstos e adquirindo as competencias básicas marcadas.

Do público asistente

A valoración, en xeral, foi moi positiva pois todas as persoas asistentes ó curso quedaron satisfeitas cos contidos formativos impartidos e co clima grupal que se desenvolveu. Demandan máis ofertas formativas deste tipo para continuar e perfeccionar os coñecementos adquiridos.

Finalizado o curso pasouse un test de Auto-avaliación a cada unha das persoas participantes para que reflexasen as súas opinións sobre o mesmo:

ITEM 1: O obradoiro foime de utilidade -----	8.5
ITEM 2: A asistencia ó obradoiro tivo un impacto positivo na miña vida ---	10
ITEM 3: Respecto aos contidos do curso -----	9
ITEM 4: Respecto ó clima grupal -----	10
ITEM 5: Respecto ó docente do curso -----	10
ITEM 6: Respecto ás instalación sonde se realizou -----	8



Identificación da actividade	CURSO DE INTERNET COMO FERRAMENTA DE BÚSQUEDA DE EMPREGO									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. SALA DE INFORMÁTICA LUNS E MÉRCORES. DO 1 DE FEBREIRO Ó 29 DE MARZO. DE 10:00 A 12:00 HORAS.									
Núm. De horas	30 HORAS									
ÁREA	FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN									
Núm. De participantes										
HOMES	2									
por idade	<18:	0	18-30:	2	30-40:	0	40-50:	0	> 50:	0
MULLERES	10									
por idade	<18:	0	18-30:	1	30-40:	4	40-50:	3	> 50:	2
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR E PÚBLICO EN XERAL									
Descrición do contido da actividade										
<p>O obxectivo do curso é o de ensinar @s alumn@s as distintas aplicacións e servizos dos que dispón a rede e profundizar na utilización de Internet como ferramenta de búsqueda de emprego.</p> <p>Os contidos do curso son:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Qué é internet e como funciona. ○ Tipos de conexión. Conexión inalámbrica wifi. ○ Usos máis habituais de internet. ○ Buscadores ○ Correo electrónico. ○ Internet como ferramenta para a búsqueda de emprego. 										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>O curso desenvolveuse con normalidade, aínda que cabe dicir que a asistencia por parte dalgúns alumnos e alumnas foi escasa, polo que non tiveron oportunidade para aproveitar todo que os contidos do curso lles ofrecían.</p>										
Do monitor da actividade										
<p>Tratouse de estimular a participación activa das persoas participantes por medio de actividades que posibilitaran a reflexión e a práctica a través da realización de supostos prácticos sobre as tarefas a desempeñar no ordenador. A metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe orientouse a desenvolver n@ alumn@ un conxunto de coñecementos e competencias útiles para o desenvolvemento de traballos.</p> <p>Na valoración final da actividade contempláronse tres componentes: a asistencia ás sesións, a participación nas mesmas e a elaboración de traballos e actividades prácticas. Pódese concluir que a asistencia ás sesións foi moi deficiente.</p>										

As poucas persoas que asistiron de xeito continuo acadaron, a maioría, o avance previsto, xa que foron capaces de lograr as competencias básicas.

Do público asistente

A valoración da actividade por parte dos asistentes foi, en xeral, non moi positiva debido á falta de entendemento co docente do curso. Por outra banda, isto non impediu que os e as alumn@s demanden este tipo de actividades formativas que fan que melloren os seus coñecementos .


Identificación da actividade	CURSO DE DANZA DO VENTRE									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. MÉRCORES. 17 DE FEBREIRO Ó 31 DE MARZO. DE 18:00 A 19:30 HORAS.									
Núm. De horas	10 HORAS									
ÁREA	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO									
ÁREA	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR									
Núm. De participantes										
HOMES	0									
por idade	<18:	0	18-30:	0	30-40:	0	40-50:	0	> 50:	0
MULLERES	15									
por idade	<18:	0	18-30:	0	30-40:	10	40-50:	2	> 50:	3
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR E PÚBLICO EN XERAL									
Descrición do contido da actividade										
<p>Esta actividade dirixida pretende dar a coñecer outras culturas a través do baile. Ademais poderán descubrir os beneficios físicos e mentais que pode aportar para o seu corpo e saúde. A nivel físico, por exemplo, fortalecer e flexibilizar todos os músculos do corpo, mellorar a coordinación de movementos. A nivel mental, por exemplo, fomentar a autoestima, mellorar o grao de benestar persoal ou traballar a linguaxe corporal coa aprendizaxe de movementos.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>O curso comezou con 21 persoas inscritas das cales remataron 15. A asistencia ás sesións foi, en xeral, boa por parte de todas as participantes xa que estaban moi entusiasmadas co curso e coa monitora, especialmente. O clima foi moi distendido e a participación excelente.</p>										
Do público asistente										
<p>O grupo de participantes manifestaba sentirse moi motivada e implicada nas clases, sacándolle moito partido a nivel do seu desenvolvemento persoal e de saúde. Destacaron da actividade a profesionalidade da docente do curso e a motivación que lles transmitía. O clima grupal foi excelente.</p> <p>Todas coincidiron en que o tempo de duración do obradoiro foi moi curto.</p> <p>Finalizado o obradoiro pasóuselle un test de Auto-avaliación a cada unha das participantes para que reflexasen as súas opinións sobre o obradoiro:</p>										

ITEM 1: O obradoiro foime de utilidade	8.5
ITEM 2: A asistencia ó obradoiro tivo un impacto positivo na miña vida ---	10
ITEM 3: O contido do obradoiro cubreu as miñas expectativas	9
ITEM 4: Respecto ó clima grupal	10
ITEM 5: Respecto ó docente do curso	10
ITEM 6: Respecto ás instalación sonde se realizou.....	8



Identificación da actividade	<i>CURSO DE PINTADO E TINXIDO DE TEAS</i>									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. MARTES. 23 DE FEBREIRO Ó 4 DE MAIO. DE :00 A 12:00 HORAS.									
Núm. De horas	20 HORAS									
ÁREA	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO									
Núm. De participantes										
HOMES	1									
por idade	<18:	0	18-30:	1	30-40:	0	40-50:	0	> 50:	0
MULLERES	15									
por idade	<18:	0	18-30:	2	30-40:	3	40-50:	6	> 50:	4
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR E PÚBLICO EN XERAL									
Descrición do contido da actividade										
<p>A partir de pinturas especiais para tela e por medio do emprego de plantillas ou o debuxo a man alzada, plasmaranse debuxos en todo tipo de tela incluso as máis delicadas como a seda ou gasa. Poderemos renovar ou confeccionar por medio da pintura pezas de tela como bolsos, manteis, panos de mesa, foulares, etc.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>As persoas asistentes responderon moi ben ante esta actividade organizada, pois mostraron moito interese no desenvolvemento da mesma. De feito o tempo previsto inicialmente para a actividade era de 10 horas, pero debido ó gran interese das persoas participantes en seguir debido o escaso tempo de impartición, aprobáronse outras 10 horas máis a maiores. O curso foi todo un éxito en relación á demanda.</p>										
Do público asistente										
<p>O grupo de participantes manifestaba sentirse moi motivada e satisfeita coas clases, sacándolle moito partido á súa creatividade e imaxinación.</p> <p>Destacaron da actividade a profesionalidade da docente do curso e a motivación que lles transmitía.</p> <p>Finalizado o obradoiro pasóuselle un test de Auto-avaliación a cada unha das participantes para que reflexasen as súas opinións sobre o obradoiro:</p>										

ITEM 1: O obradoiro foime de utilidade -----	7,5
ITEM 2: A asistencia ó obradoiro tivo un impacto positivo na miña vida ---	7
ITEM 3: O contido do obradoiro cubreu as miñas expectativas -----	8,7
ITEM 4: Respecto ó clima grupal -----	9,2
ITEM 5: Respecto ó docente do curso -----	9,2
ITEM 6: Respecto ás instalación sonde se realizou-----	6,5



EN MARZO



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

**Pechado por
Reformas**



8 de marzo Día Internacional da Muller

Reparto de agasallos
conmemorativos do
Día Internacional da Muller,
Multiusos de Arcade,
ó longo da Xornada



PROGRAMA SOCIOCULTURAL PARA MULLERES

1 8 de marzo
OBRADOIRO DE BAILE-TERAPIA
20 participantes.
De 17.00 a 20.00 h.

2 15 de marzo
EMOCIONES POSITIVAS PARA
PREVIR E AFRONTAR O ESTRÉS
20 participantes.
De 17.00 a 20.00 h.

Xornadas que teñen como
objetivo a cohesión social e o
desenvolvemento, promovendo
a integración entre xéneros,
como lugar de encontro para
celebrar o Día Internacional da
Muller, en sesións asociadas
en centros educativos e outras
obxectivos neste ámbito.

3 22 de marzo
OBRADOIRO DE RISOTERAPIA
20 participantes.
De 17.00 a 20.00 h.

Centro Multiusos - Arcade
Incid: 01 GRATUITA de CIM
Tel: 986 70 12 27
Places limitadas en orde de inscrición

Participación dos colexios

**1 XORNADAS PARA A EDUCACIÓN
EN IGUALDADE DE
OPORTUNIDADES**
"O Planeta da Igualdade"
(8º Trimestre)
Xornada de 20 minutos para cada grupo

2 PREMIO CONCURSO DE DEBUXOS
"O Día que meu pai cambiou
a historia"
BASES DO CONCURSO:
www.soutomaior.com
CATEGORÍA A: Infantil 4
CATEGORÍA B: Primaria 1º y 2º
Entrega día 12 de Marzo



Sábado 27 de Marzo

Centro Multiusos - Arcade



10:00 horas: Olimpíada
11:00 horas: Entrega de Medallas
12:00 horas: ENTREGA DE PREMIOS

OLIMPIADA DE PAIS POLA IGUALDADE:

Esta olimpíada dirixida a pais/aívos
ten como obxectivo principal impulsar
a presenza masculina nas
actividades en prol da igualdade real
de oportunidades.
(mínimo 10 participantes).

Máis información no CIM: 986 701 227



**PAPÁ
MANS A OBRA**

Identificación da actividade	<p style="text-align: center;">8 DE MARZO. CELEBRACIÓN DO DIA DA MULLER</p> <p style="text-align: center;">1. REPARTO DE AGASALLOS</p> <p style="text-align: center;">2. PROGRAMA SOCIOCULTURAL "PECHADO POR REFORMAS"</p> <p style="text-align: center;">- BAILETERAPIA - RISOTERAPIA - ARTETERAPIA</p> <p style="text-align: center;">3. XORNADAS PARA A EDUCACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES</p>					
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. LUNS 8 DE MARZO					
Núm. De horas	10 HORAS					
ACTIVIDADE 1	REPARTO DE AGASALLOS CONMEMORATIVOS					
ÁREA	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO					
ÁREA	EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN					
Núm. De participantes						
HOMES						
por idade	<18:	18-30:	30-40:	40-50:	> 50:	
MULLERES	200					
por idade	<18:	18-30:	30-40:	40-50:	> 50:	
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR					
Descrición do contido da actividade						
<p>Co motivo da celebración do Día da Muller o 8 de marzo, tiveron lugar diferentes actuacións ó longa da xornada, durante a mañá e a tarde, no Centro Multiusos de Arcade para celebrar e conmemorar esa data por parte de Concello de Soutomaior.</p> <p>REPARTO DE AGASALLOS: Como se ven facendo dende fai xa uns anos, o Centro de Información a Muller quixo conmemorar e celebrar este día cun agasallo simbólico a todas as mulleres que se achegaron ó Centro durante o longo de toda a xornada. Estes agasallos consistiron nunha pequena planta que foi repartida polas técnicas do CIM.</p>						

ACTIVIDADE 2	PROGRAMA SOCIOCULTURAL: “ Pechado por reformas”									
	<ul style="list-style-type: none"> ○ BAILETERAPIA ○ RISOTERAPIA ○ ARTETERAPIA 									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE.									
	<ul style="list-style-type: none"> ○ Baileterapia: luns 8 de marzo ○ Risoterapia: luns 15 de marzo ○ Arteterapia: luns 22 de marzo 									
Nº de horas	9 horas en total (3 horas cada un)									
ÁREA	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO									
ÁREA	SAUDE, DEPORTE E BENESTAR									
Núm. de participantes										
HOMES										
Por idade	< 18		18-30		30-40		40-50		> 50	
MULLERES	61									
	< 18		18-30	16	30-40	28	40-50	10	> 50	
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR									
Descrición do contido da actividade										
<p>Estas Xornadas que teñen como obxectivo fundamental equilibrar o uso dos tempos, potenciando o tempo de ocio das mulleres, como lugar de encontro para celebrar o Día Internacional da muller, os avances acadados en prol da igualdade e futuros obxectivos nesta materia.</p> <p>OBRADOIRO DE BAILE-TERAPIA.</p> <ul style="list-style-type: none"> ⌘ Crear un espacio para explorar el movimiento y las emociones. ⌘ Aportar recursos sencillos de autoconocimiento para sacar provecho de la clase. ⌘ Descargar as tensións acumuladas como ferramenta de benestar. ⌘ Recuperar a creatividade, imaxinación e sensibilidade, fomentar a desinhibición e compartir. <p>OBRADOIRO DE ARTE-TERAPIA.</p> <ul style="list-style-type: none"> ⌘ Crear un espacio para fomentar as potencialidades artísticas, favorecer o benestar e as relacións interpersoais. ⌘ Potenciar a autoestima e as capacidades creativas. <p>OBRADOIRO DE RISOTERAPIA.</p> <ul style="list-style-type: none"> ⌘ Dirixir a atención voluntaria cara os aspectos positivos. ⌘ Exercitar as lembranzas asociadas o agradable e saudable. ⌘ Mellorar o control dos pensamentos negativos. ⌘ Crear un espacio de diversión e confianza para compartir o benestar. 										

Os tres obradoiros desenvolvéronse nun clima distendido, participativo e positivo. Xerouse un espazo para explorar emocións e para fomentar as potencialidades creativas, ademáis creouse un espazo de diversión e confianza para compartir o benestar e no que se facilitou a descarga de tensións acumuladas.



Do público asistente

O público asistente valorou moi positivamente os obradoiros , entendendo que cada ún deles aportou algo diferente e lles foi de utilidade en diversos aspectos.


Nas enquisas de avaliación cuantitativa valoraron da seguinte forma: (1 Ó 10)

BAILETERAPIA 9.5

ARTETERAPIA 8

RISOTERAPIA 9



<p>ACTIVIDADE 3</p>	<p>I XORNADAS PARA A EDUCACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES</p>									
<p>Lugar e datas de realización</p>	<p>Grupo 1: 6ºB do Centro Educativo Padín Truiteiro. Grupo 2: 6ºA do Centro Educativo Padín Truiteiro. Grupo 3: 6ºB do Centro Educativo Santiago Apóstol. Grupo 4: 6º A do Centro Educativo Santiago Apóstol</p>									
<p>Nº de horas</p>	<p>1 hora</p>									
<p>ÁREA</p>	<p>EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN</p>									
<p>Núm. de participantes</p>										
<p>HOMES</p>	<p>59</p>									
<p>Por idade</p>	<p>< 18</p>	<p>59</p>	<p>18-30</p>		<p>30-40</p>		<p>40-50</p>		<p>> 50</p>	
<p>MULLERES</p>	<p>51</p>									
	<p>< 18</p>	<p>51</p>	<p>18-30</p>		<p>30-40</p>		<p>40-50</p>		<p>> 50</p>	
<p>PÚBLICO OBXETIVO</p>	<p>ALUMNOS E ALUMNAS DE SEXTO DE PRIMARIA DOS DOUS COLEXIOS DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR.</p>									
<p>Descrición do contido da actividade</p>										
<p>A acción foi enmarcada dentro do II Plan de Igualdade de Oportunidades (2008-2012) do Concello de Soutomaior, en concreto dentro da área de intervención de educación e sensibilización, co obxectivo fundamental de fomentar a igualdade nas relacións entre xéneros.</p>										
<p>As xornadas foron dirixidas a nenos e nenas de 6º de primaria nas que se traballaron diferentes dinámicas de grupo e xogos, coa finalidade de debater e fomentar a reflexión sobre a construción da nosa identidade mediante os roles de xénero e o esquema corporal.</p>										
<p>Leváronse a cabo 4 xornadas en total: unha xornada con cada grupo de 6º de primaria.</p>										
<p>Cada Xornada consistiu nunha sesión de 50-60 minutos ao longo da que se traballou dun modo transversal con estes conceptos de igualdade de xénero.</p>										
<p>IGUALAR, O planeta da Igualdade.</p>										
<p>Traballo coas construcións dos diferentes roles de xénero e de identidade, mediante o uso de técnicas narrativas e exercicios plásticos. A influencia dos contos na educación e na transmisión de valores. Traballo coa creatividade e a flexibilidade de posibilidades mediante o cambio de modelos clásicos e a ruptura de estereotipos sexistas.</p>										
<p>Obxectivo que se persegueu coa acción.</p>										
<ul style="list-style-type: none"> - Traballar os conceptos de feminidade e masculinidade, roles e estereotipos que se van aprendendo no seo da familia, da escola e da sociedade. - Creación de novos esquemas e modelos de xénero basados na igualdade, que nos axuden a fomentar a igualdade de oportunidades e a creación dunha identidade máis flexible que nos aporte máis liberdade. 										

Valoración da actividade

Da entidade organizadora

As catro xornadas levadas a cabo tiveron un desenvolvemento moi positivo nos catro grupos nos que se levou a cabo. Os rapac@s responderon moi ben ás técnicas narrativas que se empregaron, de maneira que participaron activamente na escoita, procesamento e integración dos conceptos traballados.

O sentido do humor foi unha constante ao longo das xornadas, polo que tod@s remataron con moi boa sensación, e solicitando máis xornadas deste tipo no centro educativo.

Foron grupos e centros moi receptivos, e a avaliación deixa unha sensación de moito aproveitamento da actividade.

Os rapac@s escribiron ao final da actividade unha carta dende o futuro: unha carta na que todas as familias, colexios, mundo laboral e parellas, fosen máis igualitarios e disfrutaran de maior igualdade de oportunidades e flexibilidade de roles entre o feminino e o masculino.

Estas cartas estiveron cheas de cratividade e de ilusión. Foron leídas varias delas en cada clase, e puidemos comprobar que tanto a imaxinación positiva como a redacción dos rapaces/as está bastante desenvolta e traballada.

Se animou aos nenos/as a que enviaran as súas cartas ao correo electrónico do CIM de Soutomaior, coa intención de poder seren publicadas no portal web do mesmo.

Do público asistente

Segundo os profesores/as or rapaces amosáronse moi interesados e atentos durante a actividade e continuaron ó longo dos días seguintes aplicando os xogos e dinámicas de igualdade que se desenvolveron durante as xornadas.



Identificación da actividade	<p style="text-align: center;">19 DE MARZO. I XORNADAS DO PAI IGUALITARIO</p> <p>1. I CONCURSO DE DEBUXOS "PAPÁ MANS Á OBRA" 2. CONTACONTOS DA IGUALDADE 3. OLIMPIADA DE PAIS POLA IGUALDADE.</p>										
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. LUNS 29 DE MARZO										
Núm. de horas											
ÁREA	EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN										
ÁREA	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL.										
Núm. de participantes											
HOMES	104										
por idade	<18:	76	18-30:	14	30-40:	8	40-50:		> 50:	6	
MULLERES	158										
por idade	<18:	82	18-30:	27	30-40:	19	40-50:	20	> 50:	10	
PÚBLICO OBXECTIVO	ALUMNOS E ALUMNAS DE PRIMARIA E SECUNDARIA DOS DOUS COLEXIOS DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR										
Descrición do contido da actividade											
<p>Este concurso enmárcase dentro das actuacións do II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Soutomaior (2008-2011). En concreto dentro da área de intervención de Educación e Sensibilización, co obxectivo de promover a participación das familias e de outros axentes educativos na coeducación e o fomento da corresponsabilidade.</p> <p>Co gallo do 19 de Marzo “Día do Pai” e dentro das I Xornadas do Pai Igualitario organizadas polo Concello de Soutomaior, o Centro de Información á Muller, dependente da Concellería de Muller, Servizos Sociais e Sanidade, convoca o I Concurso de Debuxos Papa “Mans á obra”.</p> <p>O Obxectivo deste concurso é o de promover a educación en igualdade entre os rapaces e rapazas e o de fomentar a sensibilización para romper con estereotipos sexistas, potenciando a creación dunha identidade de xénero flexible e integral que nos aporte a tod@s maior liberdade e autonomía.</p> <p>Por outro lado promover a participación das familias e outros axentes educativos no fomento da corresponsabilidade, así coma aumentar a implicación da poboación masculina nas actividades en prol da igualdade real de oportunidades.</p>											

Neste concurso os rapaces e rapazas plasmarán nun debuxo o día no que os pais, avós ou coidadores habituais d@s nen@s se puxeron o delantal para facer as labores da casa, relacionado coa implicación masculina igualitaria nas tarefas domésticas, familiares e de coidado.

Outra actividade foi o **“Contacontos da igualdade”**.

A entrega de Premios do concurso e a inauguración da exposición de traballos será amenizada cun conta contos infantil que teatralizará algúns dos contos da igualdade agasallados entre os gañadores.

A olimpiada de “pais pola Igualdade” tivo que ser cancelada por falta de participantes, polo que de cara a próximas edicións é importante probas novas formas de difusión para acadar que chegue o maior público posible e poder realizala.



Valoración da actividade desenvolvida

Da entidade organizadora

A actividade foi realizada en colaboración cos dous centros educativos de educación primaria e secundaria do Concello de Soutomaior, así como dúas asociacións veciñais (Asociación de Mulleres Rurais Anduriña e Agrupación Artistas da Bisbarra) que formaron parte do xurado e colaboraron con nos, como xa o fixeron en anos anteriores con outro tipo de concurso, con moito gusto, implicación e sensibilización.

A actividade tivo moita e boa participación. Tendo en conta a corta idade dos e das participantes os traballos foron bos e, en xeral, recollían a idea da temática do concurso.

A idea do contacontos da igualdade pareceunos idóneo e oportuno para amosar ós e as alumnas de primaria, dun xeito dinámico e divertido, o concepto da igualdade de xénero, a tradicional desigualdade do reparto do traballo na familia e a necesidade de asumir responsabilidades por igual nas tarefas da vida cotiá.



Do público asistente



A participación no I Concurso “Papá máns a obra” foi moi alta, cun total de 158 participantes entre os cursos de 1º e 2º de primaria dos colexios do Concello.

O día da recollida de premios acudiron aproximadamente a metade dos participantes acompañados dos seus pais/nais a recoller cadanseu delantal co debuxo realizado.

Posteriormente comezou o contacontos e finalmente a exposición que contou cun gran número de participantes ó longo das vacacións de semana santa.





+ACTIVIDADE

+SAÚDE

+FORMACIÓN

+CULTURA

+OCIO

1 OBRADOIRO DE MEMORIA. (15 h)

Este obradoiro de 15 horas de duración ten como obxectivo fundamental fomentar o entrenamento e a "posta en forma" das nosas habilidades cognitivas e da nosa memoria.

Exercitar a partir de dinámicas tanto orais como escritas, a nivel grupal e a nivel individual para poder manter activa a nosa mente e practicar estratexias que favorezcan a memorización.

Inscricións: Ata o 9 de Abril.
Mínimo 15 participantes.
Destinatari@s: Maioras de 45 anos.

2 CURSO DE PILATES. (15 h)

As clases dunha hora e media de duración traballaban sobre aprendizaxe de técnicas de Pilates e diferentes exercicios para fomentar a conexión co noso corpo, a relaxación e a coordinación; así como coñecer os principios básicos desta disciplina.

Inscricións: Ata o 16 de Abril.
Mínimo 15 participantes.

3 OBRADOIRO DE ELECTRICIDADE. (20 h)

O obradoiro ten como obxectivo asesorar a colectivos inexpertos sobre un correcto uso da enerxía eléctrica no fogar mediante clases teóricas e prácticas, coñecer as instalacións para poder previr accidentes e potenciar hábitos de uso responsable da enerxía.

Inscricións: Ata o 18 de Abril.
Nº: 15 participantes.
(Condición para a realización do curso 50% do alumnado mulleres).

4 CURSO DE PRIMEROS AUXILIOS (15 h)

O curso de Primeiros auxilios é un curso enmarcado na área de formación das actividades do CIM. O obxectivo fundamental do curso é capacitar os alumnos para desenvolver correctamente a súa actuación ante unha urxencia, facilitando a adquisición de coñecementos, así como o nivel adecuado de formación, en canto os contidos propios do curso. E capacitar de pautas de actuación básicas para posibles situacións de emerxencia.

Inscricións: Ata o 26 de Abril.
Nº: 15 participantes.
Imparte Cruz Bermells

5 III XUNTANZA DAS MULLERES DE SOUTOMAIOR

A Concellería de Muller organiza a súa xa tradicional xuntanza das mulleres, este ano visitando a Cidade de A Coruña, con entrada no circuíto termal da Casa do Agua.

Datas e horarios por confirmar.
Inscrición do 17 ó 28 de Maio.
Máis información: 986701227

6 OBRADOIRO " Espazo de familia: UN BO COMEZO

Espazo creado como complemento educativo ás curas de preparación para o parto, que axuda a pensar no proxecto educativo que cada nai elabora para o seu fillo e lle permite paliar dúbidas, medos, inquedanzas.

Destinatarias: Mulleres embarazadas ou nos primeiros meses de lactancia.
Imparte: Fundación Preescolar na casa. GRATUITO




CONCELLO DE SOUTOMAIOR
www.soutomaior.com

+benestar

Información: No CIM, Mulleres@Anadé76im@soutomaior.com

986 701 227 /www.exopresion.com

Identificación da actividade	CURSO DE PILATES									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. SALÓN DE ACTOS VENRES DE 19:00 A 20:30 HORAS.									
Núm. de horas	15 horas									
ÁREA	SAUDE, DEPORTE E BENESTAR									
Núm. de participantes										
HOMES	0									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERES	20									
por idade	<18:	0	18-30:	2	30-40:	5	40-50:	7	> 50:	6
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR E PÚBLICO EN XERAL									
Descrición do contido da actividade										
<p>Ó longo dos meses de abril, maio e xuño programouse esta actividade có obxectivo básico e fundamental de manter activa a poboación e fomentar o deporte, a saúde e os hábitos saudables. A actividade realizábase un día a semana , os venres, no Salón de Actos do Centro Multiusos de Arcade ou o aire libre se o tempo acompañaba.</p> <p>Nas clases, de hora e media de duración, traballábase sobre a aprendizaxe de técnicas de Pilates e diferentes exercicios para fomentar a conexión co nosos corpo , a relaxación e a coordinación; así como coñecer os principios básicos desta disciplina.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>A actividade tivo un gran éxito como en edicións anteriores , contando cunha gran afluencia de persoas interesadas e unha gran constancia na asistencia as clases.</p> <p>Esta actividade enmarcada dentro da área de saúde, deporte e benestar do II PIOM ten unha gran acollida entre a poboación e temos prevista continuar con ela de cara o vindeiro ano.</p>										
do público asistente										
<p>As participantes valoraron de xeito moi positivo a actividade realizada, e solicitaron ampliála de cara ó próximo ano; esta mesma ou outra similar. Esta mesma actividade xa se levou a cabo en anteriores edicións e as persoas interesadas seguen demandando a súa impartición anual xustificando os beneficios que conleva para a súa saúde.</p>										

Identificación da actividade	CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE									
Núm. de horas	20 horas									
ÁREA	FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN									
Núm. de participantes										
HOMES	0									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERES	15									
por idade	<18:	0	18-30:	3	30-40:	7	40-50:	3	> 50:	2
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR E PÚBLICO EN XERAL									
Descrición do contido da actividade										
<p>O obxectivo principal do curso de primeiros auxilios é o de capacitar a alumna dos coñecementos necesarios para prestar os primeiros auxilios en caso de accidente, identificando o procedemento de actuación máis adecuado en caso de hemorraxias, feridas, traumatismos, queimaduras ou outro tipo de urxencias ou situacións de emerxencia. Os módulos do curso son os seguintes:</p> <p>MÓDULO 1: SOCORRISMO. ASPECTOS XERAIS.</p> <p>MÓDULO 2: AUTOPROTECCIÓN.</p> <p>MÓDULO 3: EVALUACIÓN INICIAL.</p> <p>MÓDULO 4: REANIMACIÓN CARDIO PULMONAR (R.C.P)</p> <p>MÓDULO 5: SHOCK E HEMORRAXIAS.</p> <p>MÓDULO 6: FERIDAS, CONTUSIÓNS, QUEIMADURAS E CONXELACIÓNS.</p> <p>MÓDULO 7: TRAUMATISMOS DO APARATO LOCOMOTOR.</p> <p>MÓDULO 8: TRAUMATISMOS CRANEAIS E DA COLUMNA VERTEBRAL. O POLITRAUMATIZADO</p> <p>MÓDULO 9: MOVILIZACIÓN E EVACUACIÓN DE FERIDOS.</p> <p>Estes módulos impartíronse ó longo de cinco sesións de 4 horas de duración, por diferentes docentes.</p> <p>Dotouse a cada alumno do material didáctico preciso para a realización do curso, e as clases dividíronse en clases teóricas e clases prácticas.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>A valoración do curso é, en xeral, moi positiva. A asistencia das alumnas foi exemplar e a atención mostrada moi boa. As clases desenvolvéronse dun xeito dinámico, onde os alumnos combinaban a realización de prácticas directas cos contidos teóricos, aportando así unha visión global da temática a tratar.</p>										

O curso tivo moito éxito xa que se trata dunha formación complementaria equiparable e aplicable en diferentes postos de traballo de diferentes sectores.


do público asistente

Entre os aspectos máis destacados do curso as alumnas destacaron a seguridade que lle proporciona coñecer as ferramentas básicas para poder actuar ante unha situación de emerxencia, e demandaron máis accións formativas da área de sanidade.

Ademáis a maioría cincidiu en que o mellor do curso foron as clases prácticas, nas que se podían aplicar os coñecementos adquiridos.

Ó rematar o curso pasóuselles ás alumnas un cuestionario de Avaliación no que se valoraban diferentes ítems, e o resultado foi o seguinte:

ITEM 1: O obradoiro foime de utilidade para a vida persoal e profesional -----	9,5
ITEM 2: O contido do obradoiro é aplicable ó meu posto de traballo -----	8,8
ITEM 3: Clima grupal -----	8
ITEM 4: Sentinme satisfeitas coa monitora do obradoiro -----	9,4



Identificación da actividade	CURSO DE INICIACIÓN Á ELECTRICIDADE									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE									
Núm. de horas	20 horas									
ÁREA	FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN									
Núm. de participantes										
HOMES	7									
por idade	<18:		18-30:	1	30-40:	3	40-50:	3	> 50:	
MULLERES	10									
por idade	<18:		18-30:	2	30-40:	4	40-50:	2	> 50:	2
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR E PÚBLICO EN XERAL									
Descrición do contido da actividade										
<p>Preténdese ponderar, asesorar, en especial a colectivos inexpertos no tema, sobre una correcta utilización da enerxía eléctrica, sen perigo para as personas e os bens. Frenar, e mesmo evitar os posibles accidentes eléctrico no fogar, na oficina, ... Importantísimo saber utilizar correctamente a enerxía eléctrica para aprender a previr os accidentes. Na actualidade o suministro eléctrico esta presente na maior parte dos nosos fogares, sin embargo poucos o sabemos empregar correctamente . Uns por os hábitos adquiridos, as nefastas costumes, e outros por imprudencia, unido a unha falta de información, conlevan a unha usanza desafortunada, e pouco respetuosa co medio ambiente . Consecuentemente, informar para previr, criar hábitos que axuden a desterrar prácticas inadecuadas.</p> <p>PROGRAMA DO CURSO DE INICIACIÓN A ELECTRICIDADE</p> <p>1º - A primeira semana fundamentase sobre os conceptos básicos da electricidade. 2º A segunda semana preténdese entrar a definir o circuito eléctrico da vivenda. 3º -A terceira semana coñeceremos os materiais empregados na electricidade. 4º -A cuarta semana tenderemos a preocupación de documentar sobre o reglamento electrotécnico para baixa tensión e a conflictiva posta a terra das instalacións 5º -A quinta semana adestrarémonos na instalación interior da vivenda. 6º -A Sexta semana continuamos coa instalación interior da vivenda. 7º - A Séptima semana rematamos as ponderaciones sobre instalación interior da vivenda. 8º -A Octava semana coidaremos de coñecer os pormenores do funcionamento dos elementos da instalación interior da vivenda. 9º A novena semana tomaremos conciencia do perigo das descargas atmosféricas en especial nas vivendas do rural, así como una aplicación dos aparatos e os equipos eléctricos. 10º - A Décima semana finaliza o curso, disertaremos sobre a tarifa nocturna e o aforro enerxético.</p>										

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

O obradoiro desenvolveuse cunha asistencia moi constante por parte das participantes, e unhas clases moi fluídas que se repartían entre a parte teórica e práctica.


O material posto para as prácticas era moi abundante e permitiu a cada unha das participantes poder levar a cabo directamente prácticas de cada un dos exercicios explicados polo docente.

do público asistente

A valoración das persoas participantes no obradoiro de electricidade foi, en xeral, positiva; aínda que a maioría coincidiron en que estaría máis completo se contase cun número maior de horas dedicadas a clases prácticas, en lugar de tantas horas teóricas.

Ó rematar o curso pasóuselles ás alumnas un cuestionario de Avaliación no que se valoraban diferentes ítems, e o resultado foi o seguinte:

ITEM 1: O obradoiro foime de utilidade para a vida persoal e profesional	9.5
ITEM 2: O contido do obradoiro é aplicable ó meu posto de traballo	8.8
ITEM 3: Clima grupal	8
ITEM 4: Contidos do curso	9,4
ITEM 5: Docente do curso	8.25
ITEM 6: Instalacións onde se realizou	6.08





Identificación da actividade	OBRADOIRO DE MEMORIA									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE XOVES DE 16:30 A 18:00 HORAS. DO 15 DE ABRIL Ó 18 DE XUÑO									
Núm. de horas	15 horas									
ÁREA	SAUDE, DEPORTE E BENESTAR									
Núm. de participantes										
HOMES	1									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	1
MULLERES	9									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	9
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR E PÚBLICO EN XERAL									
Descrición do contido da actividade										
<p>OBXECTIVOS XERAIS PERSEGUIDOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a calidade de vida. - Manter e exercitar a capacidade funcional da nosa memoria. <p>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Crear un clima grupal cómodo e lúdico para as participantes. - Adicar un espacio de tempo á realización de exercicios de memoria para poñela en forma. - Potenciar as nosas capacidades para un óptimo rendemento intelectual. - Estimular a atención e a concentración. - Coñecer as ferramentas de simplificación para unha mellor xestión do noso tempo. <p>Este obradoiro estivo DIRIXIDO A:</p> <p>Dirixido a poboación adulta, homes e mulleres, (aproximadamente a partir dos 45 anos) que teñan interese en entrenar e mellorar a funcionalidade da súa memoria. (Grupos de 20 persoas max).</p> <p>CRONOGRAMA levado a cabo:</p> <p>O obradoiro contou cun total de 10 sesións, cunha periodicidade semanal. Cada unha das sesións tivo unha duración de hora e media. Foi impartido os xoves en horario de 16.30 a 18.00 horas.</p>										

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

O obradoiro realizouse con gran fluidez, comodidade e un alto grado de satisfacción entre as participantes. Dende o primeiro momento creouse un grupo compacto que asistiu con frecuencia as sesións e participou activamente nas dinámicas e nos exercicios realizados.

Nove mulleres e un home asistiron con regularidade ao mesmo, polo que esta constancia é unha característica moi importante que inflúe significativamente no grao de compromiso co traballo realizado durante o curso, ademáis de ser un compoñente clave para que xurda un clima de confianza e comodidade no grupo que permita unha maior apertura das participantes e como consecuencia disto un maior aproveitamento dos contidos do mesmo.

O grupo, composto por persoas cun rango de idade bastante amplo, caracterizouse por crear un clima de comprensión e respecto. Esta gran calidade grupal, parécenos digna de destacar.

A participación activa foi outra das características máis destacadas, tanto durante as sesións coma nas tarefas que suxeríamos que fixesen na casa para sacarlle un maior beneficio os exercicios propostos na programación do obradoiro.

O sentido do humor foi outro dos elementos característicos deste grupo de mulleres, que aportaron risa-sorrisos e momentos de diversión fortalecendo o clima grupal.

A nosa valoración é moi positiva tanto en referencia a calidade obtida no grupo de traballo, coma no compromiso e implicación das participantes.


Ao final do obradoiro sempre acostumamos a pasar un test de avaliación ás participantes para que puntúen as súas opinións sobre o obradoiro e nos sinalen posibles aspectos a mellorar ou a ter en conta para completar o contido dos mesmos.

A continuación expoñemos unha táboa coas puntuacións medias ofrecidas polas participantes no grupo de Memoria do Concello de Soutomaior Abril-Xuño 2010.

do público asistente

Os exercicios e aspectos que máis valoraron os participantes foron: os exercicios de cenefas e memorización de items, as cancións, os instrumentos, a diversión ao longo lo obradoiro, a maneira de ensinar da monitora, o compañerismo, as reunións de cada xoves e os temas tratados, as fotos que nos fixeron o último día, a “ilusión que me transmitiu o curso e o grupo”, a amabilidade e bo trato percibido por parte da monitora do obradoiro, xunto co clima positivo grupal xurdido ao longo das sesións.

Algo que modificarían do curso: sinalaron que lles gustaría un curso de máis horas, ou máis longo no tempo, para seguir traballando os conceptos do mesmo e tamén “máis cursos destes, que axudan moito”. Entre os cursos suxeridos, solicitan risoterapia, relaxación, máis cursos de memoria, musicoterapia, bailoterapia, cine – teatro, informática, tai-chi, yoga...



O obradoiro foime de utilidade	10
A asistencia ao mesmo tivo un impacto positivo na miña vida	10
Contidos do curso	10
Clima Grupal	9,83
Monitora do Curso	10
Instalacións onde se realizou	9,5



Identificación da actividade	EXCURSIÓN: “ III XUNTANZA DAS MULLERES”.									
Lugar e datas de realización	12 DE XUÑO SOUTOMAIOR- A CORUÑA- TERMARIA (CASA DA AUGA)									
Núm. de horas	12 horas									
ÁREA:	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO.									
Núm. de participantes										
HOMES	0									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERES	98									
por idade	<18:		18-30:	7	30-40:	21	40-50:	39	> 50:	31
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO									
Descrición do contido da actividade										
<p>Xuntanza organizada cada ano có obxectivo principal de adicar unha xornada encontro das mulleres de Soutomaior, implicándoas en diferentes actividades lúdico- culturais e promovendo a participación sociocultural e a creación de redes sociais entre elas.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
Da entidade organizadora										
<p>A actividade foi un éxito rotundo , un centenar de mulleres de diferentes parroquias animáronse a participar na iniciativa, que segundo elas, é un día que teñen para elas e para disfrutalo en boa compañía. Este encontro é interxeneracional posto que se animan a participar mulleres de diferentes idades e incluso tres xeneracións da mesma familia, avóa, filla e netas.</p> <p>O transcurso da saída desenvolveuse nun clima festivo e lúdico, e cunha gran participación tanto nas actividades termais , que nesta ocasión ocuparon toda a mañá da xornada no Club termal “ Casa del Agua” na cidade da Coruña, como nas visitas culturais guiadas que se desenvolveron ó longo da tarde.</p>										
Do público asistente										
<p>As mulleres valoraron o aspecto lúdico e cultural da iniciativa. O bó clima ó longo do día, e a calidade das actividades desenvoltas , apostaron por desenvolver novos encontros de este tipo dende o CIM , por ofrecer un ocio alternativo e capacidade de mobilidade a algunhas persoas que doutro modo terían serlas dificultades para poder acudir.</p>										



CURSO DE
TAICHI

PROGRAMA
DE
RELAXACION

Inscripción ata ó 25 de Xuño
MULTIUSOS DE ARCADE

PINTURA
INFORMÁTICA
ELECTRICIDAD
PRIMEROS
AUXILIOS

ENTREGA DE
DIPLOMAS

CURSOS FORMATIVOS REALIZADOS POLO CIM
9 DE XULLO
No Multiusos, ás 20:00 h

GRUPO DE
TEATRO

A REIR
SIN PARAR

DE ADULTAS

MULTIUSOS DE ARCADE

“ESTA FAMILIA é UNHA COÑA”

9 DE XULLO
AS 21:00 HORAS




CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Identificación da actividade	MAÑÁS SAUDABLES: TAI –CHI									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. LUNS E XOVES 10:00 A 11:00. MESES DE XULLO E AGOSTO.									
Núm. de horas	20 horas.									
ÁREA:	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR									
ÁREA:	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL, LECER E TURISMO .									
Núm. de participantes										
HOMES	0									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:	0	> 50:	
MULLERES	16									
por idade	<18:	1	18-30:	2	30-40:	0	40-50:	5	> 50:	8
PÚBLICO OBXECTIVO	POBOACIÓN EN XERAL.									
Descrición do contido da actividade										
<p>Ó longo dos meses de verán, xullo e agosto, programouse unha actividade para ás horas da mañá có obxectivo fundamental de manter activa a xente e fomentar o deporte. A actividade realizábase durante dous días a semana , no Centro Multiusos de Arcade ou na Carballeira do Peirao ó aire libre, dependendo do clima.</p> <p>As clases dunha hora de duración traballaban sobre aprendizaxe de técnicas de Tai Chi e diferentes exercicios para fomentar a conexión co nosos corpo , a relaxación e a coordinación. Baseouse no desenvolvemento da enerxía interior mediante a suavidade e a intención. É unha práctica intensa e completa, beneficiosa a calquera idade.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>A actividade desenvolveuse con normalidade e boa afluencia de xente, foi unha novidade respecto a outros anos, posto que os meses de verán estaban case sempre sen actividades continuadas.</p> <p>Foi unha actividade especialmente dinamizadora para ó Centro , porque debido as datas e o horario , animou a participar a un público que polo traballo ou o horario, noutros momentos do ano ten serias dificultades para participar nas actividades.</p>										
do Público asistente										
<p>As participantes valoraron positivamente a actividade, e solicitaron ampliála de cara ó inverno.</p>										

Algunhas das alumnas xa habían participado en edicións anteriores e amosaron o seu interese coa actividade debido ós seus beneficios para a saúde.

Destacamos a puntuación obtida nos test de avaliación respecto as expectativas das alumnas e diferentes impresións da actividade:

ITEM 1: O obradoiro foime de utilidade	9
ITEM 2: O contido do obradoiro cubreu as miñas expectativas	10
ITEM 3: Aprendín cousas que me axudaron a sentirme ben	9,5
ITEM 4: Sentínme satisfeita coa monitora do obradoiro	10



Identificación da actividade	ESPECTÁCULO TEATRAL: ESTA FAMILIA É UNHA COÑA									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. SALÓN DE ACTOS VENRES 9 DE XULLO – 21:00 HORAS									
Núm. De horas	2 HORAS									
ÁREA :	PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL , LECER E TURISMO.									
Núm. De participantes										
HOMES	0									
por idade	<18:	0	18-30:	0	30-40:	0	40-50:	0	> 50:	0
MULLERES	10									
por idade	<18:		18-30:		30-40:	3	40-50:	4	> 50:	3
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO E ARREDORES.									
Descrición do contido da actividade										
A peza teatral consistía nunha representación teatral sobre un modelo familiar un tanto peculiar.										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
O espectáculo foi realizado polas integrantes do grupo de teatro de mulleres de Soutomaior. A peza teatral foi a segunda realizada por elas, e aínda que xa o ano pasado pasaran polo suposto de estar enriba dun escaerío, volveron a amosar mostras nerviosísimas. Todos os aspectos de montaxe teatral como son o texto, banda sonora, vestuario ou escenografía foron preparados de xeito óptimo por todas elas.										
Do público asistente										
O público valorou moi positivamente a representación, quedando moi sorprendidos e sorprendidas da conexión e da posta en escaerío do espectáculo preparado polo grupo recén iniciado de teatro.										

Identificación da actividade	CONSTITUCIÓN DA MESA DE COORDINACIÓN PARA A ATENCIÓN INTEGRAL DAS VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. VENRES 2 DE XULLO - 10:00									
Núm. de horas	1 HORA									
ÁREA:	ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.									
Núm. de participantes										
HOMES	2									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:	2	> 50:	
MULLERES	5									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
PÚBLICO OBXECTIVO	PERSOAL DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER PERSOAL DE SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS REPRESENTACIÓN MUNICIPAL, GARDA CIVIL E UNIDADE DE VIOLENCIA DE XÉNERO DA SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN PONTEVEDRA.									
Descrición do contido da actividade										
<p>Neste día, venres 2 de xullo de 2010, constitúese a "Comisión de coordinación para a atención integral das vítimas de violencia de xénero. CAIVIX" do Concello de Soutomaior.</p> <p>Os asistentes a esta reunión foron:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Agustín Reguera (Alcalde de Soutomaior). - M^a Dolores Cernadas (Teniente alcalde). - Lucía Muradas Arcay (Xefa da Unidade contra a violencia sobre a muller). - Olga Vidal Lorenzo (Traballadora social de servizos sociais municipais). - José Miguel Silva Barros (Sarxento da Garda Civil de Soutomaior). - Cristina García Núñez (Directora – psicóloga do CIM Soutomaior). - Paula Fernández Dopazo (Traballadora social CIM Soutomaior). - Paula Casal Canabal (Avogada CIM Soutomaior). <p>Os asuntos tratados e acordos tomados foron os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Constitución da "CAIVIX". - Solicitud de Convenio de Aloxamento temporal para vítimas de violencia por parte dos profesionais implicados. - Comparativa de datos de violencia de xénero. 										

- Creación dun rexistro único de casos de violencia de xénero.
- Funcionamento do Sistema de Seguimento Integral de casos de violencia, das Forzas e Corpos de Seguridade.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

A constitución da Comisión de coordinación para a atención integral das vítimas de violencia de xénero. "CAIVIX" do Concello de Soutomaior constitúe unha ferramenta de coordinación básica e necesaria para a correcta abordaxe e atención da violencia de xénero por parte de todas as persoas implicadas dos diferentes ámbitos de actuación.

Con esta ferramenta apóstase por desenvolver un plan de coordinación, cooperación y colaboración entre as diferentes administración e entidades implicadas do municipio, co fin de optimizar recursos que melloren a seguridade das mulleres vítimas de violencia de xénero.

do Público asistente

A valoración por parte das persoas asistentes á Comisión de coordinación para a atención integral das vítimas de violencia de xénero, "CAIVIX", foi moi positiva pois considérase, por unanimidade, unha ferramenta que permitirá engadir, fomentar e desenvolver accións e fórmulas preventivas, así como respostas ou solucións coordinadas ante as situacións de violencia de xénero acontecidas no ámbito municipal, evitando así que as intervencións se fagan de xeito individualista.

A disposición para a traballo en común e coordinado é moi boa, por parte de todas as persoas implicadas na abordaxe integral da violencia de xénero.



ACTIVIDADES

outubro

Teatro

Inscripción do 30 de Setembro ó 15 de Outubro.
Xoves 21 de Outubro ó Xoves 16 de Xuño. (45 h)
Horario: 18:30 a 20:00 horas.
Lugar: Multiusos de Arcade.



Yoga

Inscripción do 30 de Setembro ó 15 de Outubro.
Martes 19 de Outubro ó Martes 31 de Maio. (45 h)
Horario: 18:30 a 20:00 horas.
Lugar: Multiusos de Arcade.



Pilates

Inscripción do 30 de Setembro ó 15 de Outubro.
Venres 22 de Outubro ó Venres 10 de Xuño. (30 h)
Horario: 19:00 a 20:00 horas.
Lugar: Multiusos de Arcade.



Meetin-sex

Inscripción ata o 15 de Outubro. GRATUITO.
Obradoiro de educación sexual que ten como
obxectivo contribuir a que as persoas aprendan a
coñecerse, a aceptarse e a expresar a súa erótica
do modo en que se sintan cómodas e satisfeitas.

Horario e Datas: POR DETERMINAR.
Lugar: Multiusos de Arcade.



Obradoiro de Creatividade

Inscripción do 30 de Setembro ó 15 de outubro.
Martes de 10:00 a 11:30 horas. (15 horas)
Datas por confirmar. Lugar: Multiusos de Arcade.



Obradoiro de Manualidades

Inscripción do 30 de Setembro ó 15 de outubro.
Mércores: 16:30 a 18:00 horas. (15 horas)
Datas por confirmar. Lugar: Multiusos de Arcade.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Identificación da actividade	CURSO DE PILATES									
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE. VENRES 19:00 A 20:00. DO 22 DE OUTUBRO DE 2010 Ó 10 DE XUÑO DE 2011 (30 SESIÓNS)									
Núm. de horas	30 horas.									
ÁREA	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR									
Núm. de participantes										
HOMES	0									
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:	
MULLERES	28									
por idade	<18:		18-30:	4	30-40:	12	40-50:	10	> 50:	2
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR.									
Descrición do contido da actividade										
<p>Durante seis meses, comezando en outubro de 2010 ata xuño de 2011, programouse esta actividade có obxectivo fundamental de manter activa á poboación e fomentar o deporte e a saúde. A actividade realizábase un día a semana, os venres, no Salón de Actos do Centro Multiusos de Arcade.</p> <p>Nas clases, de unha hora de duración, trabállase sobre a aprendizaxe de técnicas de Pilates e diferentes exercicios para fomentar a conexión co nosos corpo , a relaxación e a coordinación; así como coñecer os principios básicos desta disciplina.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>A actividade desenvolveuse con normalidade, compañerismo e boa afluencia de xente. Foi unha actividade especialmente dinamizadora para o Centro.</p> <p>Esta é a segunda edición para esta actividade para o ano 2010 pois é moi demandada pola poboación do Concello. As persoas anotadas superaron o límite de prazas para a actividade polo que quedou xente en lista de agarda.</p>										
do público asistente										
<p>As participantes valoraron de xeito moi positivo a actividade realizada, e solicitaron ampliála de cara ó próximo ano; esta mesma ou outra similar. Esta mesma actividade xa se levou a cabo en anteriores edicións e as persoas interesadas seguen demandando a súa impartición anual xustificando os beneficios que conleva para a súa saúde.</p>										

Identificación da actividade	CURSO DE IOGA									
Lugar e datas de realización	CENTRO MULTIUSOS DE ARCADE. MARTES DE 18:30 A 20:00 HORAS. DO 19 DE OUTUBRO DE 2010 AO 31 DE MAIO DE 2011									
Núm. de horas	45 HORAS									
ÁREA:	SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR									
Núm. de participantes										
HOMES	1									
por idade	<18:		18-30:		30-40:	1	40-50:		> 50:	
MULLERES	24									
por idade	<18:		18-30:		30-40:	8	40-50:	10	> 50:	6
PÚBLICO OBXECTIVO	Mulleres do concello de Soutomaior e poboación en xeral.									
Descrición do contido da actividade										
<p>O obxectivo desta actividade é aprender as técnicas básicas desta disciplina e como empregarlas para alcanzar un maior benestar.</p> <p>Luna Yoga é un método creado por mulleres, para mulleres que se combina con varios tipos de ioga. Ten o enfoque en desenvolver a conciencia física, mental e enerxética propia da muller, como mellorar o sistema hormonal e glandular, equilibrar o estrés emocional, etc. A práctica iógica ensínanos a respirar de xeito adecuado, os nosos pulmóns aprenden a respirar.</p> <p>A clase de ioga é rica e creativa en elementos, e sempre variado. Un día a serie é suave e madiativa, outro se require resistencia e forza. O final de cada clase faise unha sesión de estiramientos acompañada de música.</p>										
Valoración da actividade desenvolvida										
da entidade organizadora										
<p>Actividade que se leva realizando dende hai dous anos ,é solicitada por un alto número de usuarias como continuidade ó curso que se desenvolveu noutras edicións. Moi boa acollida en canto a participantes e satisfacción coa actividade desenvolvida.</p> <p>Aínda terminado o período de inscrición continuaron as solicitudes de participación. A xente amósase moi interesada nesta actividade.</p>										
do público asistente										
<p>A actividade tivo moi boa acollida en canto a participación e satisfacción coa actividade. Valoración moi positiva das sesións organizadas, metodoloxía e docente. Están moi satisfeitas por poder continuar con esta actividade.</p>										

Identificación da actividade	2ª MESA DE COORDINACIÓN PARA A ATENCIÓN INTEGRAL DAS VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO							
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS DE ARCADE VENRES 29 DE OUTUBRO – 13:00 HORAS							
Núm. de horas	1 hora.							
ÁREA:	ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.							
Núm. de participantes								
HOMES	2							
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:	> 50:
MULLERES	16							
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:	> 50:
PÚBLICO OBXECTIVO	PERSOAL DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER PERSOAL DE SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS REPRESENTACIÓN MUNICIPAL, GARDA CIVIL E UNIDADE DE VIOLENCIA DE XÉNERO DA SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN PONTEVEDRA.							
Descrición do contido da actividade								
<p>Neste día , venres 29 de outubro de 2010, celébrase a segunda reunión da “Comisión de coordinación para a atención integral das vítimas de violencia de xénero. CAIVIX” do Concello de Soutomaior.</p> <p>Os asistentes a esta reunión foron:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Agustín Reguera (Alcalde de Soutomaior). - Cristina González Piedras (Concelleira de Servizos sociais, Muller e Sanidade do Concello de Soutomaior). - Lucía Muradas Arcay (Xefa da Unidade contra a violencia sobre a muller). - José Miguel Silva Barros (Sarxento da Garda Civil de Soutomaior). - Cristina García Núñez (Directora – psicóloga do CIM Soutomaior). - Paula Fernández Dopazo (Traballadora social CIM Soutomaior). - Paula Casal Canabal (Avogada CIM Soutomaior). <p>Os asuntos tratados e acordos tomados foron:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aprobación do mapa de recursos municipal (díptico). - Aprobación do Programa de Aloxamento temporal para vítimas de violencia de xénero do Concello de Soutomaior. - Comparativa de datos de violencia de xénero no municipio. - A Comisión establece as súas reunións con carácter trimestral. 								

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

A constitución da Comisión de coordinación para a atención integral das vítimas de violencia de xénero. CAIVIX", dirixida pola Concellería de Servizos sociais, Muller e Sanidade do Concello de Soutomaior, a través do CIM, constitúe unha ferramenta de coordinación básica e necesaria para a correcta abordaxe e atención da violencia de xénero por parte de todas as persoas implicadas dos diferentes ámbitos de actuación.

Con esta ferramenta apóstase por desenvolver un plan de coordinación, cooperación y colaboración entre as diferentes administración e entidades implicadas do municipio, co fin de optimizar recursos que melloren a seguridade das mulleres vítimas de violencia de xénero.

do Público asistente



¿Que é o CIM?

O CIM, ou Centro de Información á Muller, é un recurso gratuito do Concello de Soutomaior onde se realiza unha intervención global, a través do asesoramento xurídico, asistencia psicolóxica, orientación profesional, información en materia de recursos e calquera outra información de cara a consecución da igualdade de oportunidades e dereitos entre mulleres e homes, e a abordaxe integral da violencia de xénero; respetando en todo momento a confidencialidade e comunicacións, o apoio á identidade e a vontade das persoas usuarias.

¿Que ofrecemos dende este servizo?

- Información e asesoramento xurídico.
- Asistencia psicolóxica.
- Información sobre os recursos sociais axudas e prestacións.
- Sensibilización e difusión do principio de igualdade entre homes e mulleres.
- Información e realización de cursos, estudos, xornadas, encontros en materia de igualdade de oportunidades.
- Asistencia específica a mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Recepción de denuncias e queixas en materia de discriminación sexual.
- Fomento do asociacionismo e participación social.
- Orientación laboral e asesoramento para a búsqueda de emprego.

Teléfonos de Interese

- Teléfono de Atención ás Mulleres
as 24 horas
900 400 273
- Teléfono de Atención a Vítimas de Violencia de Xénero as 24 horas
016
- Emerxencias
112
- Teléfono de Atención ás Mulleres Sordas
900 152 152
- Teléfono de Emerxencia Barbaño
061
- Centro de Emerxencias de Vigo para Mulleres
906 21 32 67
- Garda Civil
062



986 701 227

Horario de atención ao público:
De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
e martes, mércores e venres de 17:00 a 19:30 horas



Para a abordaxe integral da violencia de xénero

No Concello de Soutomaior

Asesoramento Xurídico
Atención Psicolóxica
Información dos Recursos Sociais
Orientación Profesional e Laboral

986 701 227

Centro de Información á Muller
SOUTOMAIOR




Recursos do Concello de Soutomaior

- Garda Civil de Soutomaior**
Avda. Alfonso Rodríguez Castelán, 138 - Arcade
Teléfono: 986 67 0262 / 062
- Centro de Saúde de Arcade**
Avda. Alfonso Rodríguez Castelán, s/n - Arcade
Teléfono: 986 70 1020
- Centro de Saúde de Soutomaior**
Rozariz, s/n
Teléfono: 986 70 51 67
- Servizos Sociais Soutomaior**
Aleandra Rivadúa, 8
Teléfono: 986 70 51 14 / 986 70 51 06
Solicitar cita previa de luns a venres de 9:30 a 13:00.

Personal Técnico:
Traballadora Social: Olga Vidal Lorenzo
Axudante de Servizos Sociais: Ana Louqueiro Fontenla
- Centro de Información á Muller de Soutomaior**
Centro Municipal de Arcade
Paseo, 0
Teléfono: 986 70 1227
Correos: cim@soutomaior.es
Web: www.cim-prison.com

Personal Técnico:
Psicóloga: Ciferriño García Nabea
Horario de atención: de luns a xoves de 9:00 a 14:00 horas e venres de 16:00 a 20:00 horas
Axudante: Paula Castelán González
Horario de atención: martes de 17:00 a 20:00 horas e venres de 9:00 a 14:00 horas
Traballadora Social: Paula Fernández Dupont
Horario de atención: luns e xoves de 9:00 a 14:00 horas e mércores de 16:00 a 20:00 horas
- Xulgados de Redondela**
1ª Instancia e Instancia Nº 2
Violencia Doméstica e Xénero
Paseo da República, s/n - 36100 Redondela
Teléfono: 986 40 45 79

Mapa de recursos



CIM
Centro de Información á Muller

Horario de atención ó público:
De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
e martes, mércores e venres de 17:00 a 19:30 horas

PROGRAMAS MUNICIPAIS DESEMPEÑADOS DENDE O CIM :



PROGRAMA DE TERAPIA FAMILIAR.

O programa de terapia familiar do Concello de Soutomaior ten coma obxectivo prioritario ofrecer ás familias do Concello un servizo de psicoterapia especializado para dar resposta ás posibles problemáticas ou dificultades familiares que se atopan.

Dende a posta en marcha deste programa a finais do ano 2009 foron 17 ás familias beneficiarias do mesmo. As demandas principais que achegan ás familias ó servizo son os problemas de conducta ou os cambios de etapa do ciclo vital dos fillos/fillas, os cambios estruturais dentro da unidade familiar como falecemento ou separación dos seus membros, ou a demanda de procesos de mediación ante a separación matrimonial.

Este programa se desempeña dende a concellería de Muller, Servizos sociais e Sanidade, do que é responsable Cristina González Piedras; e ten coma obxectivo:

- Restablecer e/ou mellorar as relacións entre pais/nais e as súas fillas e fillos menores, favorecendo formas de comunicación eficaces, respectuosas e igualitarias entre eles.
- Potenciar os recursos das familias para acadar a resolución de conflitos e acordos mutuamente aceptados.
- Proporcionar os pais e nais pautas psicoeducativas para favorecer un desenvolvemento óptimo dos menores.

Poderán ser beneficiarias deste servizo todas aquelas persoas empadroadas no Concello que consideren que na súa familia existe algún conflito: de parella, entre nais/pais e fillas/fillos ou coa familia extensa; e demanden algún tipo de asesoramento psicolóxico para facerlle fronte.



Obxectivo xeral:

Crear un espazo de Información e asesoramento para a poboación do Concello de Soutomaior que lle aporte unha maior calidade na educación e no seu desenvolvemento afectivo –sexual .



Obxectivos específicos:

- Informar, previr e mellorar a calidade da vida afectiva sexual da poboación que participe no proxecto .
- Dar resposta a moitas dúbidas, completar a información, achegar a prevención e exercitar as nosas posibilidades sensitivas e cognitivas no ámbito da nosa sexualidade.
- Crear espazos de asesoramento anónimo e individualizado onde as persoas poidan compartir con profesionais as súas preguntas e dúbidas.
- Previr conductas de risco en relación a enfermidades de transmisión sexual e a anticoncepción para evitar embarazos non desexados.



Beneficiarios/as do servizo:

Poderán ser beneficiarias deste servizo todas aquelas persoas empadroadas no Concello de Soutomaior.

MEETIN-SEX

Na IV Conferencia Mundial das Mulleres, celebrada en Beijing (China) no ano 1995 enafecciónese, como referencia para o futuro das mulleres na sociedade, tres puntos clave en política de igualdade de oportunidades e nivel internacional: Derechos humanos, educación e saúde sexual e reprodutiva.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) establece como finalidade a integración de aspectos sociais, afectivos, psicolóxicos e sexuais na formación de tal modo que sirvan ao desenvolvemento e desenvolvemento da personalidade humana, a comunicación e nas relacións afectivas.

A educación sexual, así como o coñecemento, contribúe a que as persoas aprendan a coñecerse, a aceptarse e a expresar a súa erótica, os modos en que se están vivendas e satisfecidas.

Os Meetin' sex, son obradoiros onde se pretende dar un espazo a través da expresión das necesidades da educación sexual, falando sobre os cambios biolóxicos, a menstruación, o precezo, o desexo, os estilos e a atracción, o amor e a saúde, estimulando a reflexión para motivar seguir aprendendo sobre nós mesmas.

INTERESADAS: Anotarse no 986701227 ou nas oficinas do CIM, Multusos de Arcade, 8

PLAZAS LIMITADAS.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

“O Punto”

de Información e asesoramento
afectivo-sexual



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

II CONCURSO DE RELATOS ERÓTICOS

Punto e Seguido

O punto de información e asesoramento afectivo-sexual, da Concellería da Muller, Servizos Sociais e Benévolos, no marco das actividades previstas, segundo o II PCIM 2008-2010, na área de fomento da saúde, deporte e benévolos, organiza o II CONCURSO DE RELATOS ERÓTICOS, cun obxectivo de promover a educación e a saúde afectivo-sexual, e favorecer a eliminación de taboos e estereotipos sexuais.

BASES:

1.- Podrán participar no presente concurso todas as mulleres de 18 anos cumpridos, que desexen, redactar, desenvolver e presentar libremente un relato erótico en Galiza (non obrigada a identificación documental que acredite tal circunstancia).

2.- As obras presentaranse por duplicado (textual e cópias) en formato A4, e haberá que levar un exemplar en tamaño DIN A4, gráficas, cores, dobre do espesuras, nun acompañadas das súas fichas de control de datos persoais da autora ou autora, (nome, apelidos, idade, dirección, sistema de correo, correo electrónico, teléfono da DNI ou pasaporte e a residencia da residencia en Galicia) no caso de que esta non coincida con a que figura na DNI. Reservarase aqueles relatos nos que figure algún dato que permita identificar o autor ou autora do texto. Os traballos enviados por correo postal entraranse no mesmo modo indicado anteriormente no computador dando a Concellería da Muller do prazo de entrega no computador debe consistir a seguinte:
Non son necesarios de obra e no haberán de aparecer o título da obra, o apelido (opcional), a lista II Concello de Mulleres Ligadas.

3.- As obras deberán ser orixinais, escritas e escritas en galego, cunha extensión máxima de 900 palabras, sen contar o título, quedando excluídas do concurso todas aquelas que o superasen. Podrán presentarse un máximo de dous traballos por cada autor ou autora, valorándose, que o todo todos os traballos e valores iguais, e a natureza de calquera dos traballos, especialmente de relacións coesistencia e a sexualidade.

4.- O prazo para a presentación de obras é desde o 1 de Agosto ata as 14 horas do 15 de Outubro do 2010. Os traballos entregaranse personalmente ou por correo certificado ao:
CENTRO DE INFORMACIÓN A FECTIVO-Sexual - MULTUSOS DE ARCADE
C/P. ARCADE, 8 - 98670 - SOUTOMAIOR (SOUTOMAIOR)

5.- O Xurado será nomeado desde a Concellería da Muller e estará presidido pola Concellera da Muller ou compañeira, ou quen delegue, e estará composto por profesionais relacionados coa Muller, actuando como secretario, con excepción de ser unha, a responsable do Centro de Información a Muller. A composición do Xurado deberá a difusión do concurso e todo que será responsable de dar a publicidade do concurso que non será de máis do 30 de Outubro do 2010.

6.- Establecerase un único premio gañador dentro do prazo de entrega para dúas persoas do Concello de Soutomaior, que inclúa estanda e unha prêmio. A entrega do premio farase na primeira quincena do mes de novembro do 2010 e será anunciada oportunamente. A non presenza no acto de entrega do premio suporá a renuncia a este.
A autoría do Xurado de premios poderá ser divulgada de forma.

7.- A concesión do premio implica a aceptación por parte do gañador do dereito de publicación do relato, por parte da Concellería da Muller, así como a difusión dos traballos, como por exemplo internet.

8.- As obras que non resulten premiadas, quedarán depositadas no fondo documental do CIM e da Concellería da Muller, e estarán a disposición das usuarias e usuarios do mesmo para a súa lectura, ou consulta (para que no futuro dos traballos podades como a exporación dos traballos en apoio de recuperar a obra, que neste caso deberá ser retirada do CIM nun prazo máximo dun mes a partir da data de entrega do premio).

9.- A información a esta convocatoria así como a súa aceptación do fondo, os puntos das bases que regulan este concurso.

Cualquer dúbida sobre a interpretación das mesmas, será resolta desde o CIM de Soutomaior:
Teléfono 986 701227 / www.cim.soutomaior.es
Mail: cm@soutomaior.es / afectivo@soutomaior.es

Identificación da actividade		CHARLA –CONFERENCIA: MEETIN-SEX							
Lugar e datas de realización		CENTRO MULTIUSOS DE ARCADE XOVES 11 DE NOVEMBRO. 17:00 horas							
Núm. de horas		2 horas							
ÁREA:		SAÚDE, DEPORTE E BENESTAR							
Núm. de participantes									
HOMES	0								
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:
MULLERES	13								
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:		> 50:
PÚBLICO OBXECTIVO		MULLERES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR							
Descrición do contido da actividade									
<p>O meeting sex é un obradoiro no que se da un espazo a consecución duns obxectivos de educación sexual, falando sobre os cambios biofisiolóxicos, a fisioloxía do pracer, o desexo, os afectos e a atracción, o amor e a saúde, estimulando a reflexión para motivar a seguir aprendendo sobre nos mesmas.</p> <p>Na actividade falouse do concepto de sexualidade ó longa da historia e, ademáis, presentáronse un conxunto de diferentes produtos según a súa funcionalidade.</p>									
Valoración da actividade desenvolvida									
Da entidade organizadora									
<p>A actividade desenvolveuse dun xeito dinámico e interactivo. A profesional encarga de impartir o obradoiro potenciou, especialmente, o diálogo para lograr crear un clima de confianza nun tema que, para algunhas persoas aínda hai algo de tabú en el. Este clima aberto e de confianza fixo que as participantes se expresaran e desfrutaran da actividade con naturalidade.</p>									
Do público asistente									
<p>As participantes do obradoiro aproveitaron a xornada de xeito satisfactorio, desfrutaron dos contidos expostos e dos produtos amosados. A iniciativa tivo moito éxito e preténdese continuar con ela noutras edicións ampliando a difusión e a participación.</p> <p>ESCALA DE VALORACIÓN DAS ASISTENTES: Puntuación media 9.</p>									

Identificación da actividade	II CONCURSO DE RELATOS ERÓTICOS.							
Lugar e datas de realización	11 DE NOVEMBRO DE 2010							
Núm. de horas	_____							
ÁREA:	SAUDE, DEPORTE E BENESTAR							
Núm. de participantes								
HOMES	0							
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:	> 50:
MULLERES	4							
por idade	<18:		18-30:		30-40:		40-50:	> 50:
PÚBLICO OBXECTIVO	MULLERES DO CONCELLO							
Descrición do contido da actividade								
<p>O punto de información e asesoramento afectivo- sexual, da Concellería da Muller, Servicios Sociais e Sanidade, no marco das actuacións previstas segundo o II PIOM 2008-2010, na área de fomento da saúde, deporte e benestar, organiza o II CONCURSO DE RELATOS ERÓTICOS, cón obxectivo de promover a educación e a saúde afectivo- sexual, e favorecer a eliminación de tabúes e estereotipos sexistas.</p>								
Valoración da actividade desenvolvida								
Da entidade organizadora								
<p>A participación da actividade foi algo maior que a primeira edición do concurso no ano 2009, con cinco relatos recibidos de catro participantes. A calidade dos traballos presentados foi valorada de moi alta por todas as persoas membros do xurado , e agardase unha maior difusión e participación en futuras edicións pois consideramos a iniciativa como unha ferramenta de promoción da educación e a saúde afectivo- sexual, así como para favorecer a eliminación de estereotipos e tabús respecto ao sexo e a erótica.</p>								
Do público asistente								
<p>O relato gañador, escollido polo xurado reunido o 8 de novembro de 2010 e recollido en acta, foi o da participante C.M.B.F "¿Por qué sorrís?", definido como sinxelo, divertido e picante. Despois de valorar todas as obras presentadas a decisión foi unánime.</p> <p>A entrega de premios, a carga da Concelleira de Muller, Servizos Sociais e Sanidade fíxose o xoves 11 de novembro ás 19:00 horas no Centro Multiusos de Arcade e tivo como premio una estancia dunha noite na Pousada do Castelo de Soutomaior para dúas persoas en réxime de media pensión.</p>								





Concurso de Carteis!

VI EDICIÓN

25 de Novembro de 2010

“Día da non violencia contra as mulleres”



www.ex-presion.com




CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Identificación da actividade	<p>25 DE NOVEMBRO : DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.</p> <p>- VI EDICIÓN DO CONCURSO DE CARTEIS</p> <p>- ENTREGA DE PREMIOS</p>							
Lugar e datas de realización	CENTRO MULTIUSOS DE ARCADE. 25 DE NOVEMBRO DE 2009.							
Núm. de horas	2 HORAS.							
ÁREA:	ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.							
ÁREA:	EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN							
Núm. de participantes								
HOMES	32							
por idade	<18: 32	18-30:	30-40:	40-50:	> 50:			
MULLERES	35							
por idade	<18: 35	18-30:	30-40:	40-50:	> 50:			
PÚBLICO OBXECTIVO	ALUMNOS/AS DE 3º E 4º DA ESO DOS DOUS COLEXIOS DE SOUTOMAIOR							
Descrición do contido da actividade								
<p>Con motivo da celebración do día da non violencia contra as mulleres celébrase a VI Convocatoria do Concurso de Carteis contra a Violencia de Xénero para os alumnos e alumnas de 3º e 4º da ESO dos dous colexios de educación secundaria Santiago Apostol (A Montesiña-Soutomaior) e Padín Truiteiro (Arcade) do Concello de Soutomaior. Características do concurso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A temática será a non violencia contra as mulleres. - O cartel debe estra escrito en galego. (un por alumno/a) - O tamaño dos carteis será DIN-A4, o soporte e a técnica son libres. - Houbo 3 premios para os tres mellores carteis, nunha soa categoría, escollidos polo xurado e recollido en acta correspondente. 								



1º PREMIO



2º PREMIO



3º PREMIO

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

A actividade foi feita en colaboración cos dous centros educativos de educación secundaria do Concello de Soutomaior, así como dúas asociacións veciñais (Asociación de Mulleres Rurais Anduriña e Agrupación Artistas da Bisbarra) que formaron parte do xurado e colaboraron con nos, como en anos anteriores, con moito gusto e sensibilizados coa temática a tratar.

A actividade era voluntaria para os alumnos e alumnas e a participación viuse incrementada.

É totalmente necesario potenciar a sensibilización co alumnado no xeito de entender e visualizar a problemática da violencia de xénero e os estereotipos de xénero.

do público asistente

A actividade tivo unha acollida moi positiva entre os participantes, acadando un porcentaxe de participación maior que noutras edicións pasadas.


Así mesmo o día da entrega de premios a afluencia de público foi alta e proxectouse unha pequena montaxe con todos os carteis participantes nesta edición.






5. APERTURA DE EXPEDIENTES E ESTADÍSTICAS DE CONSULTAS:

Apertura de expedientes:



Consultas realizadas: TOTAL 749



Relacións de colaboración en actividades organizadas dende o CIM con:

- Colexio Manuel Padín Truiteiro, Arcade.
- Colexio Santiago Apóstol, Soutomaior.
- Concellería de Muller e Benestar Social.
- Concellería de Xuventude.
- Concellería de Cultura.
- Biblioteca Municipal Luís Seoane de Arcade.
- OMX de Soutomaior.
- Agrupación Artistas da Bisbarra.
- Asociación de Mulleres Rurais Anduriña.

▪ **RELACIONES DE COLABORACIÓN CON:**

- Concellería de Muller e Benestar Social.
- Concellería de Xuventude.
- Asociación Cultural Pedro Madruga.
- Asociación Mulleres Rurais Anduriña.
- Asociación de Artistas da Bisbarra.
- Oficina I+B de O Porriño.
- Centro Quérote Vigo.
- Asociación Española contra o cancro.

▪ **Comunicación e transmisión de información sobre o CIM , as actividades e actos celebrados:**

- Colexio Santiago Apóstol, Soutomaior.
- Colexio Manuel Padín Truiteiro, Arcade.
- Centro de Saúde de Arcade.
- Centro de Saúde de Soutomaior.
- Biblioteca Municipal Luís Seoane de Arcade.
- Omix Soutomaior.
- Concellos limítrofes.
- Servizos Sociais do Concello de Soutomaior.
- Asociacións culturais, deportivas e sociais do Concello de Soutomaior.
- Establecementos e comercio do Concello de Soutomaior.
- Asociación de Empresarios de Arcade e Soutomaior.
- Asociación de Mulleres Rurais Anduriña.
- Farmacias de Arcade.
- Farmacia de Soutomaior.
- Cáritas parroquial.
- Igrexa parroquial Santiago Apóstol de Arcade.

▪ **Colaboracións en convenios e outras:**

- Deputación Provincial de Pontevedra (Programa de teleasistencia móbil para vítimas de violencia de xénero).
 - Cruz Vermella Pontevedra (Programa de teleasistencia móbil para vítimas de violencia de xénero).
 - Convenio entre Concello de Soutomaior e Concello de Vigo para derivación a Casas de acollida e Pisos tutelados de Vigo.
- **Traballo de colaboración con outros departamentos:**
- Garda Civil Soutomaior.
 - Policía Local Soutomaior.
 - Servicos Sociais do Concello de Soutomaior.
 - Outros CIM da zona.
 - Departamento de Xuventude.
 - Centros de Saúde do Concello.
 - Cáritas parroquial.
 - Concellería de Muller e Benestar Social.
 - Colexios do Concello de Soutomaior.

6. RELACIÓN COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN:

Relación continua e fluída cos medios de comunicación comarcais e provinciais, escritos e radiofónicos, para a publicación e emisión de información sobre as actividades realizadas dende o CIM, actividades de colaboración e concesión de entrevistas das profesionais do centro sobor dos temas relacionados co servizo ofrecido dende o mesmo.

Por outra banda a recente posta en marcha dun gabinete de prensa municipal durante este ano 2010 , fomentou a publicidade das actividades e programas levadas a cabo dende o servizo.

<http://www.gabinetesoutomaior.com/index.php/es/inicio>

<http://www.ex-presion.com/>

- Prensa escrita:
 - Faro de Vigo.
 - Diario de Pontevedra.
 - Voz de Galicia.
 - Atlántico Diario.
 - Mercavedra.
- Radio Redondela.

7. FORMACIÓN CONTINUADA DO PERSOAL DO CIM: relación de asistencia

DIRECTORA-PSICÓLOGA:

- Máster en Igualdade e Xénero no ámbito público e privado. Universitat Jaume I. Fundación Isonomía. (En curso na actualidade 2008/2010).
- Curso: “Elaboración e xestión de proxectos de igualdade”. Secretaría Xeral de Igualdade. En curso.
- Curso “ Conciliación da vida familiar e laboral “. Ministerio de Sanidade, Política Social e Sanidade. 60 horas. A distancia
- Xornadas de Boas prácticas para as mesas de coordinación . Secretaria Xeral de Igualdade. (5 horas) Maio 2010
- Curso: “Igualdade de Oportunidades: aplicación práctica dende os servizos sociais. (60 horas). *Instituto de la Mujer*

AVOGADA

- ***IGUALDAD DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMBRES Y MUJERES.*** Aplicación práctica en el ámbito del empleo. On line. Nivel avanzado. Ministerio de Igualdad. 60 horas.
- ***I CONGRESO SOBRE LITERATURA E VIOLENCIA DE XÉNERO.*** Secretaría xeral de Igualdade. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela 24 e 25/11/10. 13 horas.

- **JORNADAS EUROPEAS DE DEBATE “CON SU PERMISO”**. Plataforma de Permisos Iguales e Intransferibles. Madrid. 11/ 12/10. 9 Horas.

TRABALLADORA SOCIAL:

- **Curso de “Lei de Dependencia. Un novo dereito social”** (40 horas). Federación Galega de Municipios e Provincias. FEGAMP. Modalidade On-line.
- **Curso de “Mediación Familiar desde servizos sociais comunitarios”** (120 horas). Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade. A distancia.
- **Curso “O papel dos servizos sociais de atención primaria ante a violencia de xénero”** (120 horas). Teleformación.
- **Curso: “Xénero e igualdade nas Administracións Públicas”** Escola Galega de Administración pública. EGAP (60 horas). On line.
- **Curso: “Igualdade de Oportunidades: aplicación práctica dende os servizos sociais.** (60 horas). *Instituto de la Mujer*
- **Curso: “Elaboración e xestión de proxectos de igualdade”**. Secretaría Xeral de Igualdade. En curso.